

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE  
CONCELLO O DÍA OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL  
DEZASEIS: - - - - -**

=====

**PRESIDENTE:**

D. Gonzalo Gonzalo Pita

**CONCELLEIROS/AS:**

- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa
- D. José Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D. Telmo Martín González
- D. Juan Antonio Deza Otero
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez

**NON ASISTE:**

D. José Juan Vidal Vilanova (*Interventor*)

**SECRETARIO:**

D. Angel Luis López Pita

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día oito de Agosto de dous mil dezaseis, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. GONZALO GONZALO PITA,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----

-----

-----

## **ACTAS ANTERIORES :**

**1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN REALIZADAS OS DÍAS 30 DE MAIO E 14 DE XULLO DE 2016.** Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que existía un erro na intervención súa recollida no folio 184, correspondente á acta da sesión do 30 de maio de 2016, xa que o período que estivo no goberno municipal foi de dez meses.

O **Sr. Secretario** sinalou que se procedía a corrixir o dato apuntado polo **Sr. Agís Balboa**.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas**, coa rectificación sinalada anteriormente, na da sesión do 30 de maio de 2016.

## **A) PARTE DISPOSITIVA:**

**2º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA DESIGNACIÓN DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2017 :** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 04 de Agosto de 2016** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“Designar como días de festas locais para o ano 2017 as seguintes:**

- **17 de Abril – Romaría de “O Con”**
- **04 de Setembro – Santa Rosalía”**.-----

**3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAMENTO DO CONCELEIRO D. ROBERTO-CARLOS AGÍS BALBOA, COMO MEMBRO DA XUNTA XERAL DA SOCIEDADE MERCANTIL “ TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 04 de Agosto de 2016** sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**\*\* Nomear a D. ROBERTO-CARLOS AGÍS BALBOA como membro da Xunta Xeral da Sociedade Mercantil “Turismo de Sanxenxo, S.L.”**.-----

**4º) APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2015 DO CONCELLO DE SANXENXO :** O Sr. Secretario sinalou que, durante o período de información pública, non se produciron alegacións sobre esta Conta, levada á Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 1 de xuño de 2016.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a Conta Xeral Consolidada do Ano 2015 do Concello de Sanxenxo a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobación a Conta Xeral Consolidada do ano 2015 do Concello de Sanxenxo que se informou pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 1º de Xuño de 2016.

**SEGUNDO:** Remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.-----

**5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN INICIAL DA “ORDENANZA DE PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA DO CONCELLO DE SANXENXO”:** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 04 de Agosto de 2016 sobre esta proposta.

O Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, explicou resumidamente o contido da ordenanza, que salvaba carencias do PXOM, sobre todo no referente á regulación das instalacións de extracción de fumes.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO :** Aprobación Inicial da Ordenanza Municipal de Protección da Atmosfera.

**SEGUNDO :** Remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para a emisión do preceptivo informe previo á aprobación definitiva, de acordo co establecido no artigo 38 da Lei 8/2002, de 18 de decembro, de Protección do Ambiente Atmosférico de Galicia.

**TERCEIRO :** De acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a aprobación provisional publicarase no Boletín Oficial da Provincia, concedendo un prazo de trinta días para a presentacións de reclamacións ou suxestións.

**CUARTO :** Para o caso que no prazo establecido ó efecto non se presentaran reclamacións ou suxestións, e o informe previo da Consellería fose favorable, considerarase aprobada definitivamente, de acordo co último parágrafo do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.-----

**6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO “CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE SANXENXO E MEAÑO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INTERCONEXIÓN DA REDE DE AUGAS RESIDUAIS DO S.U. – 15, PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES (SANXENXO), CO COLECTOR DE CONDUCCIÓN DE AUGAS RESIDUAIS AO BOMBEO E E.D.A.R. DOS PASALES (MEAÑO)”** : O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo** do **04 de Agosto de 2016** sobre esta proposta.

O Sr. **Alcalde** agradeceu aos voceiros que na Xunta de Voceiros aceptasen pospoñer a data deste pleno para que dese tempo a incorporar este punto.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, lembrou que este pleno tiña que celebrarse o 26 de xullo e que na Xunta de Voceiros acordouse retrasalo a esta data, pero non é menos certo que había que facer os deberes antes, polo que pide que vote a andar o Regulamento Orgánico, destacando que non era normal que as portas do concello estivesen pechadas, o que lle parecía unha falta de respecto e que viñese mais policía hoxe que a que estaba os fins de semana polo concello. En canto ao punto en cuestión, anunciou que votarían a favor, por canto no seu día decidiron incluír no PXOM este SU-15, pero manifestou que descoñecían canto vai custar o proxecto, a expropiación e a obra, o que é necesario saber polo importe do aval que queda para dispoñer. Ao interviniente tamén lle estrañou que este convenio veña a pleno, cando puido aprobarse por resolución da Alcaldía, o que considera propaganda, cando na realidade revela un goberno ineficaz e soberbio, que tardou 14 meses en traer este convenio, preguntando cando ía ser unha realidade o Parque Empresarial, os custes e a razón pola que o intervisor puxo ese engadido ao seu informe.

O Sr. **Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que o proxecto forma parte do convenio, correspondendo o 74% do custo a Sanxenxo e o restante a Meaño. Neste momento interveu a **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que indicou que o proxecto non estaba no expediente. O Sr. **Fernández Piñeiro** reiterou que o proxecto forma parte do convenio e que se aprobará cando se dispoña dos informes correspondentes, engadindo que o importe estará sobre os 600.000,00 €.

O Sr. **Alcalde** matizou que os gobernos anteriores do Partido Popular, dende o ano 2005, non avanzaron nada respecto do convenio, sendo estes dez anos moito mas tempo que os catorce meses aludidos anteriormente, especificando que houbo moitas reunións coa presenza de técnicos do Concello de Meaño e que, sen a vontade dese concello, sería imposible este convenio, engadindo que neste figuran as porcentaxes de achega de cada unha das entidades locais intervinientes, que aínda non se sabe se será necesaria a expropiación e que se buscarán fórmulas se non chegase o aval. Por último explicou que aínda ten que aprobarse o convenio polo concello veciño, pedir os informes sectoriais e, só entón, poderá contratarse a obra e que, ante a existencia de dúbidas sobre o órgano competente para a aprobación, decidiu que este asunto viñese a Pleno.

O Sr. **Martín González** sinalou que se algún veciño oponse, haberá que ir á expropiación, o que atrasará a execución da obra, que isto se debeu resolver en tres meses e que quedaba sen contestar a pregunta do custo e o motivo deste informe de Intervención, finalizando para dicir que mañá ían pedir por escrito canto quedaba por executar do aval.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aclarou que nesta Corporación e agás unha cuestión de alumeado, da que se pode consultar a factura, non se fixo ningún gasto neste solo, polo que podía facerlle o anterior interviniente a pregunta á concelleira do seu grupo, **Sra. Deza Martínez**. Continuou dicindo que sen o convenio

para esta parte da urbanización, non se pode levar a cabo a recepción do polígono e lembroulle ao **Sr. Martín González** que no seu día decidiron que este Parque Empresarial fose privado e que o concello agora administra o aval, acusando ao citado edil de poñer inconvenientes antes de que se produzan, cando o que toca agora e sacar adiante este convenio e a urbanización do SU-15. O concelleiro no uso da palabra indicou que parecía que o Parque Empresarial era do concello, cando era privado e que esta institución non ía poñer diñeiro público nun polígono privado, xestionado a través dun sistema de compensación. Por último manifestou que, co aforrado polo IVE, debía dar para pagar o proxecto e que o anterior interveniente aludiu a un prazo de recepción de tres meses, pero non dixo como, destacando que o goberno está a traballar de forma responsable e con seguridade xurídica, sen dicirlle tampouco aos funcionarios o que teñen que informar.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou se o aval, durante unha época xerou intereses e o **Sr. Alcalde** manifestou a súa estrañeza porque non tivese xa eses datos o inquirinte.

O **Sr. Otero Domínguez**, preguntou a súa vez ao **Sr. Guisasola Padín** se se utilizou o aval para pagar gastos que non eran do polígono, contestando o interpelado que esa pregunta a debía facer ao Interventor e ao Tesoureiro.

O **Sr. Martín González** indicou que había unha contradición entre o manifestado polo **Sr. Alcalde** e polo **Sr. Otero Domínguez**, respecto do que se faría en caso de que non chegase o diñeiro do aval, sementando dúbidas. O interveniente rematou a súa alocución para volver a solicitar os datos do custo e se o que queda do aval será suficiente para executar a obra.

O **Sr. Fernández Piñeiro**, sinalou que darían os datos, pero adiantou que o diñeiro do aval chegaría para este proxecto.

O **Sr. Alcalde** especificou que o que dixo, respecto do sinalado na súa última intervención polo **Sr. Martín González**, era que se non chegaba o diñeiro do aval buscaríanse fórmulas e avogou porque non se politizase este asunto para tratar de sacar o polígono adiante.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, anunciou que votaría a favor da proposta e dixo que se ben xa pasaron moitos anos, o que hai que facer é escoitar e ter humildade, indicando que se non se deron as cifras era porque non se sabían e rematando para dicir que o primeiro paso para sacar isto adiante é a aprobación do convenio.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“Aprobar o convenio de colaboración interadministrativo entre os Concellos de Sanxenxo e Meaño para a execución das obras de interconexión da Rede de Augas Residuais do S.U. 15, Parque Empresarial de Nantes (Sanxenxo), co colector de condución de augas residuais ao bombeo e E.D.A.R. de Os Pasales (Meaño), conforme ao borrador que figura no expediente tramitado, coas seguintes modificacións :**

**PRIMEIRA :** Suprimir da estipulación **Sexta a Cláusula 8ª**.

**SEGUNDO :** Introducir unha nova estipulación coa numeración **DÉCIMO QUINTA**, en base á fiscalización da Intervención Municipal co seguinte texto :

**No suposto de que non se poda cumprir o obxecto do convenio por causas alleas á vontade das partes asinantes ou convintes, o convenio quedará sen efecto ou en suspenso ata que dita causa desapareza sen poder esixir ningunha das partes asinantes o cumprimento das obrigas á outra parte.**

**Aos efectos estimarase como causa allea á vontade das partes convintes, entre outras, a inexistencia ou insuficiencia de crédito preciso para a xestión contractual do obxecto do convenio, cuxa fonte de financiamento exclusivo será o aval executado no seu día para o cumprimento das obrigas de urbanización do ámbito urbanístico de referencia. Esta cuestión será debidamente informada e certificada pola intervención no proceso de tramitación do expediente de contratación”.-----**

## **B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:**

**7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 09/06/16 (RE Nº 5938) COMUNICANDO A REMISIÓN VÍA TELEMÁTICA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DO CERTIFICADO DO ESFORZO FISCAL DO EXERCICIO DE 2014 : O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 09 de Xuño de 2016, rexistrado de entrada co número 5.938, que a continuación se transcribe literalmente:**

“Con data 08.06.16 remitiuse, vía telemática, ao Ministerio de facenda e administracións públicas a certificación do esforzo fiscal correspondente ao exercicio de 2014”

Adxunto a este escrito figuran 4 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 4, tendo o número 1 volta.

**A Corporación deuse por enterada.-----**

**8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 29/07/16 (RE Nº 8219) POLO QUE SE INDICA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES : O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 29 de Xullo de 2016, rexistrado de entrada co número 8.219, que a continuación se transcribe literalmente:**

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 27.04.16, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financeira, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais. Sanxenxo, 29 de xullo de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 2.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 29/07/16 (RE 8220) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016 :** O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 29 de Xullo de 2016, rexistro de entrada número 8.220, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 2º trimestre de 2016, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 1º trimestre de 2016 e o 2º trimestre de 2016 é a seguinte

1º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	35,52	36,74	15,91	4,21	4,33
PMPP	28,27	76,06	20,78	1,00	117,18

2º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	23,95	40,91	14,70	1,00	135,09
PMPP	24,87	29,73	5,19	1,00	0,00

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.



Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.Sanxenxo, 29 de xullo de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 10 folios con volta, co selo do concello e numerados do 1 ao 10, transcribíndose a continuación os correspondentes que conteñen o INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010, do Concello de Sanxenxo, O.A.Terra de Sanxenxo, Nauta Sanxenxo S.L., Insula Sanxenxo S.L. e Turismo Sanxenxo S.L. :

**“CONCELLO DE SANXENXO”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2016
CONCELLO			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	34,00				1,00	114,35
Art. 21	19,70		47,00	32.828,67	6,00	1.601,52
Art. 22	24,34		272,00	508.293,55	292,00	110.394,26
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	17,29		4,00	13.054,17	2,00	1.959,47
				<b>554.176,39</b>		<b>114.069,60</b>
			<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones	0	0,00				
Op. Comerciales						
Sin desagregar		<b>0,00</b>				<b>0,00</b>
CONCELLO			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	23,00		22,00	19.091,71	9,00	1.877,00

Art. 22	25,07		38,00	229.062,55	190,00	133.722,86
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	23,36		4,00	19.594,60	3,00	3.760,38
				<b>267.748,86</b>		<b>139.360,24</b>
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimient o PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		

**O. A. "TERRA DE SANXENXO":**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2016
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	21,93		12,00	156.553,59	4,00	79.185,95
Art. 21	31,52		5,00	838,33	8,00	593,18
Art. 22	70,69		28,00	8.583,01	111,00	130.588,60
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	68,02				3,00	12.691,32
				<b>165.974,93</b>		<b>223.059,05</b>
	<b>Nº pagos</b>	<b>Importe</b>	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones	0	0,00				

Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>0,00</b>				<b>0,00</b>
TERRA			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	17,31		5,00	80.047,00	1,00	1.331,00
Art. 21	25,66		5,00	863,71	3,00	306,11
Art. 22	54,68		11,00	3.770,59	23,00	36.926,70
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				<b>84.681,30</b>		<b>38.563,81</b>
TERRA			<b>Pendiente de reconocimiento</b>			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				<b>0,00</b>		

**“NAUTA SANXENXO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	<b>2</b>	AÑO	<b>2016</b>
NAUTA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	14,28		100,00	97.313,24	2,00	760,75
Inmovilizado (2)	22,52		3,00	5.294,96		

Sin desagregar						
Total				<b>102.608,20</b>		<b>760,75</b>
	<b>Nº pagos</b>	<b>Importe</b>	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>0,00</b>				<b>0,00</b>
NAUTA			<b>Pendiente de pago</b>			
			<b>Dentro período legal pago</b>		<b>Fuera período legal pago</b>	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	5,19		22,00	7.119,12		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				<b>7.119,12</b>		<b>0,00</b>

**“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	<b>2</b>	AÑO	<b>2016</b>
INSULA			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			<b>Dentro período legal pago</b>		<b>Fuera período legal pago</b>	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		2,00	161,34		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				<b>161,34</b>		<b>0,00</b>
	<b>Nº pagos</b>	<b>Importe</b>	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>0,00</b>				<b>0,00</b>

INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		1,00	80,67		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>80,67</b>		<b>0,00</b>

**“TURISMO SANXENXO, S.L.”:**

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	2	AÑO	2016		
TURISMO			<b>Pagos realizados en el trimestre</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	135,09		4,00	578,54	4,00	5.110,85
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
<b>Total</b>				<b>578,54</b>		<b>5.110,85</b>
	<b>Nº pagos</b>	<b>Importe</b>	<b>Intereses demora pagados en el período</b>			
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		<b>0,00</b>				<b>0,00</b>
TURISMO			<b>Pendiente de pago</b>			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						

Total				0,00		0,00
-------	--	--	--	------	--	------

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 29/07/16 (RE 8221) ACHEGANDO INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 2º TRIMESTRE DE 2016 :** O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 29 de Xullo de 2016, rexistrado de entrada co número 8.221, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao segundo trimestre de 2016, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 29 de xullo de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 60 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 60, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 19, 20, 22, 24, 25, 27, 29, 41, 42, 44, 46, 47, 49, e 51 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 29/07/16 (RE 8222) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2016 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE :** O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de data 29 de Xullo de 2016, rexistrado de entrada co número 8.222, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao segundo trimestre de 2016, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 28.07.16,

elévase o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 29 de xullo de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 70 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 70, tendo os números 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 67 e 68 volta.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**12º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ESCRITOS DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS DE ESTUDO SOBRE A FORMA DE XESTIÓN QUE SE PRETENDE CON “TURISMO SANXENXO, S.L.” E CON “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” : O Sr. Secretario** deu lectura aos escritos que, a continuación, se transcriben literalmente:

Escrito do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, de data **02/05/16 (RE N°4266)**:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita como portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) con nº de DNI 35.315.219-F, comunico:

Que el representante designado para la comisión de Turismo de Sanxenxo sea D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez.

Y para que así conste se firma la presente a

Sanxenxo a 02 de Mayo de 2016.

Gonzalo Gonzalo Pita  
Portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal”

Escrito do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, de data **02/05/16 (RE N°4267)**:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita como portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) con nº de DNI 35.315.219-F, comunico:

Que el representante designado para la comisión de ÍNSULA SANXENXO sea Dña. Vanessa Rodríguez Búa.

Y para que así conste se firma la presente a

Sanxenxo a 02 de Mayo de 2016.

Gonzalo Gonzalo Pita  
Portavoz de Sanxenxo Agrupación Liberal”

Escrito do **Grupo Municipal do Partido Popular**, de data **03/05/16 (RE N°4324)**:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo acorda designar como asistentes ás comisións de Turismo Sanxenxo, S.L. a:

- Telmo Martín González.
- María Paz Lago Martínez (1º Suplente).

- María Deza Martínez (2º Suplente).
- Marcos Guisasola Padín (3º Suplente).

En Sanxenxo, a 3 de maio de 2016

Asdo.: Telmo Martín González  
Asdo.: María Paz Lago Martínez  
Asdo.: María Deza Martínez  
Asdo.: Marcos Guisasola Padín”

Escrito do **Grupo Municipal do Partido Popular**, de data **03/05/16 (RE N°4325)**:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo acorda designar como asistentes ás comisións de Ínsula Sanxenxo, Empresa Municipal de Vivenda e Solo, S.L. a:

- Telmo Martín González.
- María Deza Martínez (1º Suplente).
- Marcos Guisasola Padín (2º Suplente).
- Silvia Freire Fernández (3º Suplente).

En Sanxenxo, a 2 de maio de 2016

Asdo.: Telmo Martín González  
Asdo.: María Deza Martínez  
Asdo.: Marcos Guisasola Padín  
Asdo.:Silvia Freire Fernández”

Escrito do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, de data **05/05/16 (RE N°4455)**:

“REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comunícalle a vostede a asignación do concelleiro representante nas seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de estudo sobre a forma de xestión que se pretende con Turismo **de Sanxenxo, S.L.** e do servizo que se pretende prestar:

David Otero Domínguez

- Comisión informativa de estudo sobre a forma de xestión que se pretende con **Ínsula S.L.** e do servizo que se pretende prestar:

David Otero Domínguez

Sanxenxo, a 05 de maio de 2.016

Asinan:

- David Otero Domínguez
- Sandra Fernández Agraso
- Maximino González Miniño”

Escrito do **Grupo Municipal Mixto**, de data **05/05/16 (RE N°4494)**:

“REPRESENTACIÓN EN COMISIONES INFORMATIVAS

Coral González-Haba, única concejala del PSdeG-PSOE en la Corporación Municipal, le comunica que representará al Grupo Mixto en las comisiones informativas que a continuación se detallan:

- Comisión Informativa de estudo sobre la forma de gestión que se pretende para Turismo de Sanxenxo, S.L.



- Comisión Informativa de estudo sobre la forma de gestión que se pretende para Ínsula Sanxenxo, y del servicio que se pretende dar en ambas empresas.

Así se lo comunico a los efectos oportunos

En Sanxenxo, a 5 de mayo de 2016

Firmado  
Coral González-Haba  
Concejala del PSdG-PSOE”

**A Corporación deuse por enterada.**-----

**13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 02 DE MAIO AO 30 DE XUÑO DE 2016 (DE RES. Nº 580/16 A RES Nº 916/16) :** O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 02 de Maio ao 30 de Xuño de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

**A Corporación deuse por enterada.**-----

Antes de pasar a quenda de rogos e preguntas formuláronse as seguintes:

## **M O C I Ó N S :**

**1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLVENTAR A SITUACIÓN QUE ATRAVESA O CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE VILALONGA (R. ENTRADA Nº 8.277 DO 02.08.16) :** O Sr. Martín González, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“”Telmo Martín González, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE SANXENXO, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

### **MOCIÓN PARA SOLVENTAR A SITUACIÓN QUE ATRAVESA O CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO DE VILALONGA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta fin de semana os socios do Centro Cultural e Deportivo de Vilalonga recibían a nova de que, por fin, o goberno tripartito sinalaba unha solución ao problema coa situación do edificio onde teñen a súa sede, aínda que non sexa a válida para o momento.

Na noticia publicada nun medio de comunicación aparecen afirmacións difíciles de entender si analizamos os comunicados dados, sobre todo, polo grupo maioritario do goberno neste último ano.

Dende o GMPP temos que dicir que estamos de acordo con que hai unha débeda histórica con Vilalonga neste senso, xa que é unha das vilas máis importantes do Concello de Sanxenxo, con máis de 3.000 habitantes e integramente bañada pola fermosa ría de Arousa. En canto ao tecido asociativo, hai que ter en conta que máis dunha ducia de asociacións dan vida á vila dende o eido social, educativo, deportivo e cultural. Precisamente, dentro deste último é onde cobra protagonismo o Centro Cultural e Deportivo de Vilalonga, unha asociación con case 40 anos de antigüidade, cunha traxectoria avalada polos seus socios dende a década dos 70, moitos deles non só da parroquia, senón tamén do resto do noso municipio.

A súa sede social estivo sempre no actual edificio. O estado deste inmobile foi e é motivo de preocupación para os representantes políticos do concello. De aí que se asumira por parte da administración local o aluguer desta sede (tal e como di a noticia), co único obxectivo de proporcionarlle á parroquia un espazo sociocultural xa que o Usos Múltiples non ten cabida para máis actividade. De xeito que, todas as asociacións do concello que quixeran facer uso do mesmo poderían facelo, establecendo previamente unha quenda como acontece no resto dos edificios públicos municipais.

Con esta introdución non estamos sorprendendo a ningún membro desta Corporación, só pretendemos que quede claro que o problema que acaban de descubrir o membros do tripartito xa existía antes das municipais de 2015, cando eran oposición. Precisamente, a través dos seus cargos como concelleiros teñen mostrado a súa preocupación, tanto a través de iniciativas presentadas no Pleno, como nos medios de comunicación. Aínda así, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, creemos que é bo recordar as causas que levaron á situación actual que se vive con esta entidade.

Na pasada lexislatura, convocouse un concurso público para buscar un espazo en Vilalonga que cumprira a función de Edificio Sociocultural. A falta de infraestruturas na parroquia foi a que determinou que só se presentara unha oferta, que corresponde ao edificio actual.

O problema xurde cando se manifesta a imposibilidade de que os titulares da propiedade poidan firmar o contrato co Concello de Sanxenxo. Comeza, entón, un período de negociacións entre Concello, asociación e propietarios, chegando estes, incluso, a iniciar un proceso de desafiuzamento.

O intento de acordo iniciado polo anterior goberno local, vese interrompido cando na campaña electoral das pasadas eleccións municipais, concretamente o 19 de maio de 2015 (5 días antes dos comicios), o candidato de Sanxenxo Agrupación Liberal (SAL) **firmaba a opción de compra cos propietarios para facerse co edificio actual**. E máis, incluso aseguraba que **dito acordo só sería efectivo si formaban parte do goberno que saíra das eleccións do 24 de maio**. A verdade é que tanto membros da Cultural, como moitos veciños de Vilalonga e, por suposto, os propios titulares do edificio, confiaron na firma plasmada nese documento, que o candidato de SAL e actual Alcalde anunciou a bombo e platillo.

Pasadas as eleccións e chegado o pacto do cuatripartito, o Concello tivo que abonar por orde xudicial a cantidade de 24.980 euros correspondentes as mensualidades atrasadas e que non puideran pagarse dende xaneiro do 2014 (antes de convocar o concurso) pola imposibilidade de firmar un contrato por causas alleas ao Concello.

A opción de compra firmada tiña unha data de caducidade, que era o 30 de Xuño de 2016 e un prezo de 800.000 € + IVE a pagar en catro anualidades. Aquí é preciso recordar que dende o goberno local chegaron, incluso, a explicar a fórmula que traballaban para reunir a cantidade total do custe fixado.

A realidade é que fai máis de un mes que venceu a opción de compra e o Alcalde non deu ningunha explicación pública de porqué non a levou a cabo, nin o que fixo respecto ao pago do aluguer desde o pagamento obrigado pola xustiza.

Cabe recordar aquí algunhas das declaracións feitas polo Sr. Gonzalo Pita antes e despois de chegar á Alcaldía: “A compra do inmobile é vital para Vilalonga”; “Xestión ineficaz por parte dos anteriores gobernantes do Concello” e “Estes do PP son incapaces de buscar unha solución para paralizar o desafiuzamento”.

Dende o Partido Popular non queremos pensar que o compromiso anunciado na campaña fose unicamente con fins electoralistas ou, que non o levan a cabo porque non todos os grupos que

compoñen o agora tripartito están de acordo. O que si vemos é que Vilalonga, un ano despois de estar o Sr. Pita ao fronte do goberno, ten peor situación que a que tiña antes.

A moción que estamos a presentar desde o Grupo Municipal do Partido Popular ten como obxectivo minimizar os danos que se están causando ás actividades socioculturais en Vilalonga, por elo esperamos contar co apoio de todos ou da maioría dos concelleiros que formamos esta Corporación.

Por estes motivos, elevamos ao Pleno esta MOCIÓN e instamos ao Alcalde de Sanxenxo a:

- Que garante a existencia dunha infraestrutura sociocultural en Vilalonga, que dea cabida a todas as actividades que se realizan na parroquia, mentres non se atope a solución definitiva que tanto merecen os nosos veciños.””

O **Sr. Martín González** xustificou a urxencia da moción aludindo a recente reunión mantida polo **Sr. Alcalde** en Vilalonga por esta cuestión e pola cantidade de xente asistente a esta sesión pendente deste asunto.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Alcalde** precisou que estaba de acordo coa moción en que Vilalonga era unha parroquia historicamente esquecida, despois de 16 anos de goberno do Partido Popular, lembrando a estes efectos algunhas situacións que viñan dende o PXOM do ano 2003 e, xa entrando neste punto da orde do día, lamentou tamén o gasto de diñeiro público nun local privado, sen ter un compromiso previo co propietario, acusando á moción de populista, sen dar solucións e sinalando, respecto do seu texto, que precisamente foi unha das persoas que mas se ocupou do problema e que o documento citado non era unha opción de compra, senón un preacordo asinado co propietario que, naquel momento xa non o era, aínda que o interveniente o descoñecía.

O **Sr. Martín González** lembrou que foi na súa época na Alcaldía cando se adquiriron os terreos onde se fixeron a gardería e o centro de saúde e que, no seu día, se aprobaron a grande maioría de alegacións dos veciños de Vilalonga ao PXOM. A continuación acusou ao goberno de facer oposición da oposición e dixo que se enganou á xente co documento que se asinou e agora teñen que dar marcha atrás, lembrando que no seu día asinou seis opcións de compra e non lles deu publicidade, como se fixo con esta, sen explicar porque non poden executar un documento que o **Sr. Gonzalo Pita** non debeu asinar, engadindo que queren saber o que se vai facer agora e que debían ter valentía para recoñecer que fixeron as cousas mal.

O **Sr. Alcalde** leu o documento asinado de data 19 de maio, cando xa non tiña a titularidade a outra parte, que incorreu en falsidade, ante o que buscaron alternativas sen esperar a moción do Partido Popular, como unha solución provisional noutro local e mentres tanto ver en que situación está a infraestrutura que se comezou a executar no seu día, indicando que estaban a buscar alternativas a corto e a largo prazo.

O **Sr. Martín González** manifestou que se dixo o que se dixo a raíz da súa moción. En canto ao documento sinalou que a culpa era do anterior interveniente por asinalo, cando puido mirar no rexistro, considerou esa sinatura como un erro e algo feito con finalidade electoralista, acusando ao **Sr. Gonzalo Pita** de mal xestor e engadiu que agardaba que a moción se aprobase por unanimidade.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, explicou que falta de xestión tivo o goberno anterior, que estivo un ano e

medio sen pagar, provocando a fixación de data para o desaloxo, ante o que se buscou unha figura que permitiu permanecer no local un ano, posteriormente e ante a pretensión do propietario de incrementar o prezo a 2500 €, non se accedeu e buscaron unha alternativa a curto prazo, como era o traslado ao local do Vilalonga C.F. e outra a longo prazo, como o remate do equipamento, algo co que o voceiro do **Grupo Municipal do Partido Popular** estivo de acordo, preguntándolle que solución preferían a curto prazo, pagar o prezo pedido polo propietario ou o traslado aludido.

O **Sr. Martín González** precisou que era ao goberno a quen lle correspondía decidir e que non estaba de acordo co pagamento do novo prezo solicitado polo propietario, parecéndolle adecuado o traslado as instalacións do Vilalonga C.F. por 1500 €, aínda que pode que co falado neste pleno, o propietario reconsidera a súa postura, volvendo ao prezo anterior, co que tamén estaría conforme. A **Sra. Rodríguez Búa** especificou que o propietario non quería manter o prezo.

O **Sr. Alcalde** dixo que, como non podía ser doutra maneira, votarían a favor da moción e que, independentemente desta, xa estaban buscando alternativas, significando que estaban a favor do acordo, pero non cos antecedentes, dos que se terían que retirar a metade deles.

O **Sr. Martín González** puntualizou que o que se votaba era o acordo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que na acta consta o contido da moción.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestou que estivo na reunión de Vilalonga e viu as instalacións do club de fútbol, indicando que votaría a favor da moción e que o problema son os tempos da administración, xa que haberá que moverse a finais de mes, co que pode que cando se abra o local sexa mais tarde.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA GARANTIR A SEGURIDADE CIDADÁ (R. ENTRADA Nº 8.356 DO 03.08.16) :** O **Sr. Martín González, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular**, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

““Telmo Martín González, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

#### **MOCIÓN PARA GARANTIR A SEGURIDADE CIDADÁ**

Os veciños, os visitantes e o sector turístico están moi preocupados polo aumento da inseguridade cidadá. No verán do 2015 xa se produciron excesos de botellón, pelexas e actos inapropiados que tiveron unha ampla difusión en Youtube e outras redes sociais, danando a reputación de Sanxenxo.

Este verán, lonxe de ir a menos, os comportamentos incívicos incrementáronse xerando un gran malestar entre os veciños e visitantes. As vilas de Portonovo e Sanxenxo, especialmente as fins de semana, convertéronse en lugares de impunidad para o que se salta as normas de convivencia. Como si non se entende que alguén poida arroxar ás rocas as papeleiras da avenida de Pontevedra sen ser

identificado e sancionado. Ou que se produzan pelexas en lugares céntricos como o paseo de Silgar ou a entrada do porto deportivo, colgadas en Youtube, sen a intervención das forzas de seguridade.

Tamén é moi lamentable que os veciños e visitantes que teñen o costume de levantarse cedo para facer deporte, teñan que soportar insultos e vexacións por parte de impresentables cunhas copas de máis. Neste sentido, nos consta que houbo chamadas de queixa a oficinas municipais, tanto de visitantes como de hoteleiros.

O fenómeno do botellón está fora de control, pese aos esforzos da Policía Local. Hai botellón no parque de San Roque, na praia de Baltar e nos arredores dos campos de fútbol en Portonovo. Hai botellón en Punta Vicaño, no entorno da Igrexa de Sanxenxo e ata en pleno paseo de Silgar. Non hai unha estratexia para combatelo pese a que a aplicación da lexislación autonómica podería resultar moi eficaz.

Pero o goberno, ademais, ten a potestade de aprobar unhas ordenanzas que reforcen a estratexia contra o botellón e a violencia. Así o recoñece o novo título XI da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 139: *“Para la adecuada ordenación de las relaciones de convivencia de interés local y del uso de sus servicios, equipamientos, infraestructuras, instalaciones y espacios públicos, los entes locales podrán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer los tipos de las infracciones e imponer sanciones por el incumplimiento de deberes, prohibiciones o limitaciones contenidos en las correspondientes ordenanzas”*.

A Policía Local está desbordada e non dá abasto para evitar os excesos e problemas de seguridade. Non se fixo unha planificación adecuada, sobre todo tendo en conta que xa o verán pasado houbo serios problemas e que todas as previsións falaban de que este ía ser un verán de récord turístico. A Policía Local conta con menos auxiliares dos habituais, ao que hai que engadir as baixas, por unhas razóns ou por outras, do cadro de persoal fixo.

O goberno tripartito, lonxe de asumir a realidade e os problemas de seguridade, limitábase a minimizalos, cando debería ser o principal interesado en resolvelos. O Partido Popular está disposto a apoiar calquera medida efectiva ou gasto extraordinario que sirva para salvagardar o prestixio de Sanxenxo. O que non pode facer o goberno é deixar pasar o tempo.

É por todo elo polo que o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao goberno de Sanxenxo a:

- Que o Alcalde asuma inmediatamente a responsabilidade de dirixir e coordinar o dispositivo de seguridade ata o final da temporada alta.
- Que se mellore o operativo de seguridade, aplicando a lexislación vixente, corrixindo as carencias e destinando os recursos necesarios para asegurar a convivencia cidadá.
- Que o goberno elabore unha serie de ordenanzas, de cara á próxima temporada alta, que aporte ao Concello unha lexislación máis eficaz para controlar o botellón e perseguir calquera comportamento violento ou incívico. Sanxenxo necesita dotarse dunha normativa específica co fin de salvagardar o dereito ao descanso e garantir un ocio nocturno de calidade e ordenado.””

**O Sr. Martín González** xustificou a urxencia da moción porque xa é oito de agosto e o seu contido o pide moita xente e os hostaleiros.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

**O Sr. Martín González** dixo que non se tiña que falar deste problema cando hai tanta xente que nos visita, pero a situación é grave, mesmo con vídeos nas redes sociais e existen

moitas queixas de hostaleiros e restauradores, cando o que se quere é un turismo de calidade e se está a marchar xente que non interesa que se vaia.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, respecto do manifestado no punto anterior da orde do día polo anterior interveniente sobre a sinatura dun documento, lembroulle ao citado concelleiro o sucedido cando se adquiriron os terreos da cidade deportiva, na época na que era alcalde. Entrando no fondo do asunto a concelleira no uso da palabra aludiu a que sempre houbo pelexas e na moción non se dan solucións, dando lectura a unha serie de noticias en xornais dende o ano 2002, incidindo neste mesmo problema, tratándose dunha situación difícil de lidar, pero non nova e con menos medios que antes, xa que na anterior Corporación aprobouse un plan de axuste que implicou reducións de custos en persoal, coa supresión de horas extraordinarias e incentivos, así como a conxelación da plantilla e, a pesar disto, este concello é moi seguro, como o demostran as estatísticas da Policía Local e da Garda Civil, que sinalan que, aínda que se incrementou a poboación nun dez por cento, os datos son inferiores aos do ano pasado. A interveniente destacou que a Subdelegación do Goberno, do Partido Popular, tiña que colaborar mais, porque non era xusto que 17.000 habitantes carguen cos gastos da seguridade de 135.000 e lembrou que se dirixiu unha petición ao respecto, posto que este ano reduciuse nun 30% a aportación respecto da do último exercicio.

O **Sr. Martín González** sinalou que o **Sr. Alcalde** tiña que tomar o control da situación, reforzar os medios da Policía Local e poñerse xa a traballar para o verán que ven, indicando que existen menos denuncias porque hai menos axentes, preguntándose porque din que non teñen medios e crean cinco prazas mais de funcionarios, sen que ningunha sexa de axente da Policía Local. O concelleiro no uso da palabra dixo que a anterior interveniente non era humilde e se soberbia, votando sempre a culpa ao Partido Popular e finalizando a súa alocución para afirmar que a situación era moi mala, con queixas dos veciños e prexudicial para a imaxe de Sanxenxo.

A **Sra. Rodríguez Búa** especificou que non presumía de nada, nin dixo que a situación fose ideal, tan só explicou a herdanza recibida, porque para coñecer onde imos é necesario saber onde estamos. Continuou manifestando que agardaba mellorar os contratos dos auxiliares e evitar que se marchen a outros concellos e lembrou unha reunión coa Subdelegación do Goberno e as demais forzas e corpos de seguridade, onde se puxo de manifesto esta situación e pedíuselle á Subdelegación que faga o seu cometido e por iso tamén pide aquí ao Partido Popular que faga esa labor.

O **Sr. Martín González** manifestou que esta segunda intervención da concelleira xa lle parecía mais propia dun goberno e lamentou que esta oferta de colaboración á oposición non se fixese antes do verán, destacando que o concello para pedir, primeiro ten que dar exemplo e non existiu unha planificación acertada, engadindo que hai problemas de tráfico que lle competen á Policía Local e que non se poden solucionar con auxiliares.

A **Sra. Rodríguez Búa** precisou que o tráfico non estaba na moción, lembrando que como consecuencia dun cambio na lexislación, modificáronse as competencias, de maneira que nos tramos urbanos, como na Rúa Progreso, a recadación e só da Garda Civil de Tráfico, co que a Policía Local, nestes supostos, está a traballar para o goberno central. O **Sr. Martín González** aludiu a que se podían asinar convenios ao respecto e a **Sra. Rodríguez Búa** reiterouse na obrigatoriedade da lei estatal.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, especificou que saíu pola noite e non viu Policía Local e se pelexas, recomendándolle á anterior concelleira que lea noticias mais actualizadas, posto que se vive no presente e os problemas anteriores non son escusa, engadindo que sempre se lle está a votar a culpa ao plan de axuste, pero teñen que buscar unha solución ante esta

situación, xa que existen barcos que agora non paran no concello por estes problemas, producíndose un gran dano para a imaxe de Sanxenxo, ante o que o **Sr. Alcalde** ten que actuar, estando a favor da moción.

A **Sra. Rodríguez Búa** destacou que se estaba a utilizar a seguridade con fines partidistas e a labor da Policía Local cos medios que ten, reiterando finalmente o manifestado anteriormente pola mesma interveniente respecto da actuación da Subdelegación do Goberno.

O **Sr. Alcalde** aludiu a que, aínda que os medios son escasos, a concelleira mais capacitada para tratar esta problemática é a **Sra. Rodríguez Búa** e a que ían votar en contra da moción

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a **votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).**

**Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos pola Abstención: 0.**

En consecuencia, a **moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos seguintes termos anteriormente transcritos.-----**

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ADECUACIÓN DO VIAL SITO NO LUGAR DE BUEZAS NA PARROQUIA DE NANTES: A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

**“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte**

**MOCIÓN SOBRE ADECUACIÓN DO VIAL SITO NO LUGAR DE BUEZAS, PARROQUIA DE NANTES**

Previamente, a modo de introdución, cabe indicar que a competencia municipal en materia de vías públicas inclúe tanto ás urbanas coma ás rurais e é obriga das Entidades Locais mantelas en bo estado de conservación. Dita obriga alcanza tanto ás que aparezan no Inventario de Bens Municipais como as que non aparezan, sempre e cando o uso público do camiño estea suficientemente acreditado (STS de 7 de maio de 1987 e STS de 29 de setembro de 1989).

En canto á natureza xurídica da inscrición en dito Inventario, a Xurisprudencia é clara: (STS de 09/06/1978 e de 3/10/1998) **“O Inventario municipal é un mero rexistro administrativo que, por si só, ni proba; ni crea; ni constitúe dereito algún a favor da Corporación; sendo, mais ben, un libro que serve, en relación aos seus bens, de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden con respecto á algunha delas...”**

**O Inventario non ten efecto declarativo, senón mais ben ten un valor indiciario do camiño (STS de 21 de maio de 2008) polo que “Non pode entenderse que un vial, polo mero feito de non estar incluído no correspondente Inventario de Bens Municipais, non é de titularidade municipal” pois, nin tan sequera o feito de que estiveran inscritos no Rexistro da Propiedade como privados, constitúe un obstáculo á titularidade e carácter de dominio e uso público do camiño.**

Por outra banda, e segundo o Artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) a conservación dos camiños e viais rurais constitúe unha competencia local como así o recolle a Xurisprudencia en innumerables sentenzas (STS de 1 de xullo de 1991, STS de 26 de marzo de 1957, STS de 30 de outubro de 1965, STS de 27 de decembro de 1969, STS de 3 de xullo de 1961 e STS de 10 de decembro de 1963) nas que, en base a dita titularidade, declara que a Administración é responsable dos danos causados a terceiros polos bens de dominio público destinados a soportar as vías de comunicación cando exista omisión na obriga de conservación das mesmas: Principio de responsabilidade Obxectiva da Administración.

Dito principio, xeral e amplísimo, recóllese no Art. 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local: “As Entidades Locais responderán dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa” desenvolvido polo Art. 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPA) á súa vez desenvolvido polo Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial aprobado polo Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo.

Por todo o anteriormente exposto traemos a este pleno, a través da presente moción, unhas fotografías que demostran o estado de total abandono dun camiño no Lugar de Buezas, Parroquia de Nantes, resultando imposible o seu acceso rodado e supondo incluso un perigo o seu acceso a pé.









Dito camiño, se ben é certo que non aparece recoñecido na súa totalidade no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sanxenxo, resulta ser o único acceso á vivenda número 2A deste Lugar de Buezas, construída baixo licenza outorgada por este Concello en data 30 de abril de 1994 o que determina, sen dúbida, a natureza pública de dito vial; pois a sensu contrario dita licenza tería sido concedida en fraude de lei.

Non podemos obviar ademais, que o PXOM clasificou o chan no que está erixida a citada vivenda como Solo de Núcleo Rural, sendo necesario, tal e como se indica no Art. 23 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións y servizos, como así lle foi autorizada a dotación de saneamento e abastecemento mediante Resolución desta Alcaldía de 1 de Xullo de 2105.

Polo exposto, O Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo eleva ao Pleno do Concello esta MOCIÓN PARA PROCEDER A LA REPARACIÓN e DOTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO AO CAMINO SITO NO LUGAR DE BUEZAS, PARROQUIA DE NANTES e:

Insta ao Goberno a:

1º.- Realizar as obras necesarias para garantir o acceso rodado pola vía sinalada no corpo deste escrito.

2º.- Realizar as obras necesarias para dotar a dito vial dos servizos de Saneamento e Abastecemento.

3º.- Visto que dito vial no está recoñecido na súa totalidade polo PXOM de Sanxenxo, sexan levados a cabo os trámites necesarios para a súa modificación e inclusión total como tal.““

A **Sra. Deza Martínez** xustificou a urxencia da moción pola situación na que se encontra o camiño e porque esta é a mellor época para reparalo.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Deza Martínez** destacou que as fotos demostran de maneira clara como está o camiño, que na moción se piden tres cousas, entre elas a modificación do planeamento para incluír a totalidade do camiño, agardando que pronto teña acceso rodado, posto que na actualidade o acceso á vivenda cunha ambulancia é inviable e alí vive unha familia.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, logo de indicar que os concelleiros **Sres. Fernández Piñeiro e González Miniño** xa coñecían esta situación, dixo que o primeiro sería verificar se ese camiño era de titularidade pública e ver os antecedentes que figuran no expediente de concesión da licenza, posto que tampouco se sabe se foi o concello quen abriu o camiño, engadindo que tampouco existe un inventario en condicións dos camiños públicos e se está a traballar para remediar esta cuestión. A continuación o interveniente aludiu a que o camiño estaba en estado indecente e comentoulle a **Sra. Deza Martínez**, como na súa época de Concelleira de Urbanismo, non se resolveu este problema, posto que a familia afectada denunciou reiteradamente esta situación, preguntando que se fixo a este respecto estes anos, existindo unha discriminación por motivos políticos. Finalmente o concelleiro no uso da palabra díxolle á anterior interveniente cantas licenzas concedeu con dúbidas sobre a titularidade pública dos camiños

A **Sra. Deza Martínez**, logo de indicar que quería que se transcribisen na acta literalmente as últimas palabras da anterior intervención e as que ía dicir a continuación, manifestou que a ela non lle chegou ningún escrito sobre este asunto cando era Concelleira de Urbanismo e que estaba farta de que se lle acuse de cousas falsas, indicándolle ao anterior interveniente que se ten probas se dirixa á fiscalía, explicando que as licenzas constitúen un procedemento regrado e que nunca se concedeu unha licenza na citada etapa sen os correspondentes informes favorables e engadindo que, precisamente, cando tivo esa responsabilidade, se lle acusaba de intransigente e, agora, de todo o contrario, rematando a súa intervención para reiterar que estaba farta de que lle faltasen ao respecto, tratándose dun acoso e derribo a súa persoa.

O **Sr. Alcalde** avogou porque se gardasen as formas e o respecto a todos os intervenientes, puntualizando que todos estaban no seu dereito de denunciar o que considerasen oportuno.

O **Sr. Otero Domínguez** especificou que ante a inquietude xerada por esta situación, lembrou a problemáticas das licenzas concedidas con esa indefinición respecto da titularidade pública dos camiños, o que provocaba unha grande inseguridade xurídica.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que o dito polo anterior interveniente e que a anterior Concelleira de Urbanismo concedeu licenzas de dubidosa legalidade, sendo isto mentira, porque nin os concelleiros conceden licenzas nin estas danse sen os correspondentes informes, posto que son actos regrados, aludindo que esta é a segunda vez que o citado concelleiro comenta cousas deste tipo.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, puntualizou que o **Sr. Otero Domínguez** tan só puxo de manifesto que se concederon licenzas afectadas pola problemática da titularidade pública dos camiños, lembrando que, no seu día e ante a polémica na que se veu afectada a **Sra. Deza Martínez** noutra intervención plenaria, defendeuna, o que recoñeceu a interesada, que a súa vez agradeceu este feito.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, dixo primeiro que se falan de moitos temas nas mocións que non son do seu contido e que, como consecuencia e dada a hora que era, pode que non dese tempo a que se vesen todos as súas mocións, rogos e preguntas, polo que solicitaba ao **Sr. Alcalde** que actuase. En canto ao fondo do asunto sinalou que o camiño era unha vergonza e había que arranxalo, todo o demais era retórica.

O **Sr. Alcalde** explicou que trataba de non controlar as intervencións de todos os Grupos Políticos e o **Sr. Agís Balboa** reiterou o comentario feito na súa anterior intervención.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

**4º) MOCIÓN DO CONCELEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA HABILITAR UN ACCESO O OUTEIRO – DORRÓN (R DE ENTRADA Nº 7.753 DO 18.07.16) :** O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“”””D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 26 de xullo de 2016, para o seu debate a seguinte

#### **MOCIÓN PARA HABILITAR UN ACCESO Ó OUTEIRO (DORRÓN)**

Os veciños do Outeiro (Dorrón) levan dende hai uns dous anos sen poder subir e baixar o Outeiro como facían antes, camiñando 20 mts e non 700 como agora. Isto débese a que o acceso foi eliminado coas obras de reforma da carretera de Dorrón e a construción dun muro de contención a cargo da Deputación de Pontevedra. Obra, por certo, paralizada.

Neste tempo calquer veciño/a que necesite ir camiñando o Colexio de Magaláns, igrexa, cementario, Magaláns,...debe facer un percorrido de uns 700 mts entre subida e baixada canda antes eran tan só uns 20 mts. Isto causa grandes molestias xa que pa ir a Magaláns, antes hai que subir Os Cotos e logo voltar a baixar.

Os veciños están xa fartos porque non se lles soluciona este problema, o cal lles causa unha gran incomodidade cando teñen que trasladarse o colexio cos nenos, a xente maior que vai a diario a igrexa, etc, etc, etc. Mencionar tamén a perigosidade dos paus da luz que están no medio da rúa en dita zoa e nada máis saír dunha curva. Tiñan que habelos retirado fai tempo do medio da rúa, xa que un día destes poderían causar unha desgracia, se non se fai.

Sepán vostedes que anteriormente estaba o PP na Deputación de Pontevedra, e os veciños por non facer esta obra e outras cambiaron o seu voto. Agora na Deputación están partidos (PSOE e BNG) tamén aquí representados dende hai máis dun ano, sen embargo, dende entón non fixeron nada para repoñelo acceso os veciños do Outeiro, os cales queren feitos e non palabras ou promesas. Silgar, o Porto Deportivo....son moi bonitos, pero hai 7 parroquias señores, que non se lles olvide.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

#### ACORDOS

- Instar a deputación a que remate a obra o antes posible, xa que esta situación non só é unha vergoña, senón que está a perxudicar os veciños/as da zoa e pon en perigo a seguridade dos conductores e viandantes.
- Que o concello fale e negocie cos veciños/as a posibilidade dunha cesión ou compra dos terreos colindantes ou que están preto o antigo acceso, necesarios para a construción dun acceso alternativo o Outeiro, xa que a rampa ou escaleiras proxectadas serían bastante incómodas, perigosas e con moita pendente para moitos dos veciños/as que alí viven (xente maior, etc).
- Que se incorpore nos presupostos municipais a partida presupuestaria necesaria para levar a cabo o mencionado no punto anterior, e decir, a compra dos terreos necesarios e a construción dun acceso alternativo o Outeiro en Dorrón''''''''.

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia da moción porque ante o problema que se explica na moción, a xente protesta e alí non se fai nada.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Rea Pérez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, mostrouse de acordo coa moción, engadindo que a mellor solución era a de facer un acceso peonil.

O **Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, explicou que houbo unha reunión para buscar solucións con varias asociacións, que indicaron que preferían a construción dunha escaleira de acceso e nese sentido se fixo un anteprojecto.

O **Sr. Rea Pérez** defendeu que a opción mais apoiada na parroquia e a outra do acceso peonil.

O **Sr. Sueiro Méndez , concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, presente na reunión citada, indicou que a mesma asistiron a asociación de veciños, a Anpa e algunhas outras.

O **Sr. Agís Balboa** dixo que a mellor alternativa era a do acceso peonil e se o goberno non o fai así, haberá que presentar outra moción, porque se levan dous anos con esta problemática e non se fai nada.

O **Sr. Alcalde** explicou que facía uns meses trasladáronse todas as deficiencias á Deputación e explicáronlles a complexidade do problema, engadindo que van votar a favor da moción, pero tendo en conta que xa actuaron con anterioridade á mesma.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, puntualizou que o punto de conexión co camiño correspondíalle ao concello.

O Sr. **Fernández Piñeiro** precisou que ese acceso non estaba contemplado cando se redactou o proxecto.

Ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

**5º) MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO, SR. AGÍS BALBOA, PARA DECLARAR O CONCELLO DE SANXENXO COMA MUNICIPIO LIBRE DE DESAFIUZAMENTOS :** O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente :

“”””D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 8 de agosto de 2016, para o seu debate a seguinte

#### **MOCIÓN PARA DECLARAR O CONCELLO DE SANXENXO COMA MUNICIPIO LIBRE DE DESAFIUZAMENTOS**

Toda persoa ten dereito a unha vivenda digna e as administracións públicas, nomeadamente a local, teñen a obriga de poñer todos os medios ao seu alcance para facelo efectivo.

Este dereito recóllese, por exemplo, no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e, no ámbito do Estado español, o artigo 47 da Constitución establece que “todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada”.

A crise económica está a xerar unha situación insoportable para milleiros de familias, que non poden atender as obrigas derivadas dos alugueiros ou os préstamos hipotecarios. Con todo, a crise non exonera ás administracións de garantir, na medida das súas posibilidades e competencias, o benestar dos cidadáns e o cumprimento das leis máis fundamentais, como é o dereito á vivenda.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

#### **ACORDOS**

1.- Manifestar o desexo de que o Concello de Sanxenxo sexa un Concello Libre de Desafiuzamentos por razóns socio-económicas evaluables que impidan ó interesado/a o pago das cuotas do préstamo. Por exemplo: no caso de paro de larga duración da unidade familiar, persoas con dependentes (menores de idade, anciáns), persoas con unha enfermidade grave ou que sufriran accidentes graves, e cando é a primeira vivenda).

2.- O Concello de Sanxenxo porá todos os medios ao seu alcance para que ningunha persoa sexa expulsada do seu fogar, cando esa vivenda sexa a habitual e única, ata os límites legais.

3.- O Concello non facilitará medios municipais para colaborar nas expulsións, ata os límites legais.

4.- O Concello adoptará as medidas que estean ao seu alcance contra aqueles bancos que executen desafiuzamentos sen negociar a dación en pago ou o alugueiro social, sempre tendo en conta os mecanismos de xestión contractual que o concello teña que arbitrar para facer efectiva esta medida.

5.- O Concello xestionará a posibilidade de retirar –ata os límites legais permitidos- os seus cartos das contas dos bancos que executen desafiuzamentos sen poñer medidas alternativas para os afectados, nos termos expostos de xestión contractual no parágrafo precedente.

6.- O Concello redactará, coa maior premura posible, coordinando as propostas dos distintos grupos municipais do goberno, un protocolo FORMAL e CONCRETO, no marco das súas competencias e do dereito de petición, das actuacións que o Concello levará a cabo para garantir medidas contra a banca por falta de ética, medidas de protección dos dereitos das persoas afectadas, e medidas para lograr un Concello libre de desafiuzamentos.

7.- O Concello comunicará e solicitará á Deputación Provincial a adopción das medidas expresadas en esta moción.

8.- Nos termos expostos na cláusula sexta, instar ao Goberno do Estado e no seu caso a Comunidade Autónoma no seu marco competencial propio ou estatutario, a impulsar unha reforma legislativa en materia civil, hipotecaria e procesal que permita, entre outros aspectos:



## **R O G O S :**

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura ao escrito que, a continuación, se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 8 de agosto de 2016, os seguintes rogos**

### **ROGO 1:**

Os caixeiros automáticos e entidades bancarias no concello están todos situados en Sanxenxo, Portonovo (ningun na zoa do Porto, só hai onde o mercado) e Vilalonga. Isto é un agravio para as poboacións de Noalla, Dorrón, Nantes e Bordóns que non teñen e débense desprazar varios Kms par ir a un caixeiro, cobrar pensions, etc. Problema: A xente que quere uxor o transporte urban non ten liñas suficientes, no verán o centro de Sanxenxo e Portonovo son imposibles para aparcar, etc. **Rogo o Sr. Alcalde e goberno que negocien coas entidades bancarias a colocación dos caixeiros automáticos no concello o cal sería non so bo para os veciños/as de Sanxenxo, senón tamen para as decenas de miles de turistas que nos visitan anualmente e a veces teñen que ir a concellos aledaños a quitar cartos, ex. O Grove.**

**ROGO 2:** Neste ano as praias estaban sen servizos a 1 de Xullo (ex. Silgar montouse a 6 de Xullo), os accesos fatal en algunhas delas e moitos camiños do concello sen limpar, algunhas sen socorristas o que levou a perda de tres bandeiras azuis (Pragueira, Lapa e Areas Gordas) que sumadas as xa perdidas (Paxariñas e Areas) fixo que pasasemos de 14 a 9. A feria de artesanía comezou sobre o 20 de Xullo o que tivo repercusión negativa sobre os negocios de Portonovo, etc. O parking da Praza do Mar abriu en agosto. A ordenanza de terrazas aínda sen facer, a Carabuxeira segue sen area,.... Isto e moito máis ten repercusións negativas no turismo e imaxe de Sanxenxo, e nos negocios de moita xente que dependen destes dous meses para aguantar o resto do ano. Algo que por certo, se debería de cambiar abrindo o Polígono Industrial dunha vez, promovendo viveiros de empresas, etc. **Rogo o Sr. Alcalde e goberno que de cara o futuro non volte a pasar o deste verano cos retrasos no inicio do verano, que que comecen a traballar na preparación do seguinte verán xa despois deste e non un ou dous meses antes. Así se me da que foi este ano, e a impresión que da. Tarde, mal e correndo.**

**ROGO 3:** O 30 de Xullo celebróuse a I Gala Solidaria Panorama contra o Parkinson na Praza do Mar de Sanxenxo. Esta claro que este tipo de eventos benéficos están ben e axudan, sempre e cando se fagan ben e con transparencia. Segun se dixo era benéfica e todo o recaudado ía para unha Fundación que loita contra o Parkinson. **Rogolle o Sr. Alcalde e goberno que o antes posible publiquen toda a información necesaria sobre este tema, como por exemplo: Entradas vendidas en total, total da recaudación obtida por entradas e nas barras, canto cobraron os artistas e Panorama se cobraran algo, canto se levou a Fundación encargada de organizalo evento (o 100% da recaudación ou unha porcentaxe), etc. Creo me entenden.**

**ROGO 4:** Rogolle que leven a cabo as mocións xa aprobadas nos plenos anteriores o antes posible, sobre todo a de retrasmistir, grabar e difundir os plenos municipais, poñer un proxector e pantalla no salon de plenos, etc. Na moción decía debía estar listo para este pleno. O mesmo para mocións futuras”.

## **P R E G U N T A S :**

-A Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntou a razón do despedimento de dúas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, que estaban a cubrir unhas vacantes e da contratación para facer ese traballo dunha empresa privada. A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, contestou que non se privatizou ningún servizo e que o persoal non dá para cubrir todas as baixas e vacacións, razón pola que tiveron que acudir a bolsa de emprego, unha vez que se esgotou esta, acudiuse ao Servizo Público de Emprego para contratar a dúas persoas, habendo familias que dixeron que se ían esas persoas, non as ían deixar entrar, polo que, ante a necesidade de seguir prestando o servizo, decidiuse contratar, tan só ata setembro, a unha empresa privada, pero en ningún caso pode falarse de privatización.



- O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que retiraba a pregunta, formulada mediante escrito, rexistrado de entrada no Concello co número 5.374, do 27 de maio de 2.016, sobre o Parque Empresarial de Nantes, posto que xa se falou nesta sesión dese asunto.

- O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito, rexistrado de entrada no Concello co número 5.375, do 27 de maio de 2.016 que que ten a pregunta que, a continuación, se transcribe literalmente:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sra. Catalina González Bea presentou un escrito de apoio o 22 de decembro de 2010 o proxecto “Estudio previo para la construcción de instalaciones náutico deportivas en Raxó. Pontevedra.” Os planos falseados son correspondentes a outro concello (da provincia da Coruña) como figura no cajetín, e as obras que se pretendían realizar se situaban en toda a súa integridade dentro do Concello de Sanxenxo, no entorno da praia de Sta. Mariña de A Granxa – Dorrón.

Me pregunto cómo este proxecto non se lle dera a coñecer os técnicos municipais para que informaran sobre él e tampouco a outros membros do goberno?. Recordar que a Sra Catalina presentou o escrito de apoio firmando como Alcaldesa de Sanxenxo, non como unha simple veciña.

Hay afectados que levan, como vostedes saben, fondeando as súas embarcacións tradicionais dende hai anos nesta zoa que pertence o término municipal de Sanxenxo. Agora e debido a ocupación abusiva das augas de Sanxenxo polo Náutico de Raxó os queren expulsar dos fondeaderos que teñen as súas embarcacións. Recordar que un tercio da lámina de auga ocupada polo Náutico de Raxó está dentro do término municipal de Sanxenxo, e un se pregunta como isto foi e é posible?

Como ben saben tamén, recentemente algún de vostedes presenciou a desconexión duns focos conectados a rede eléctrica de Sanxenxo que había alumeando dita lámina de auga. O consumo aproximado para darlle servizo a un Náutico privado de outro concello sería duns 20.000 euros durante máis de 4 anos. Pedín información por rexistro sobre este tema o día 7 de Maio do 2016 (nº 4624), e aínda non recibín información a día de hoxe.

#### **PREGUNTA 1**

**Qué medidas se van tomar, por un lado, para que se retire o Náutico de Raxó das augas do término municipal de Sanxenxo e así poidan fondear alí as embarcacións tradicionais antes mencionadas, e por outro, con respecto a esta actuación dos focos e gasto xerado a cargo das arcas municipais do concello de Sanxenxo?”**

O Sr. **Sueiro Méndez , concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, respondeu que lle parecía moi ben que o inquirinte faga esta pregunta, agora que está na oposición, pero que tamén puido facer isto cando estivo no goberno municipal, explicando a continuación que acudiu a unha reunión solicitada polos afectados polo proxecto á que acudiron veciños de diversos lugares da ría e na que cada cal expuxo a súa opinión ante esta problemática, quedando o Servizo de Costas en estudar a situación para contestar , estando isto pendente. Polo que respecta a cuestión da iluminación explicou que cando coñeceron esta situación, repentinamente, estas luces quedaron desconectadas, polo que non puideron facer comprobacións, estando a súa vez as facturas pendentes de verificación.-----

-O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito que ten a pregunta que, a continuación, se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 8 de agosto de 2016, as seguintes preguntas:**

## 1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O torneos de fútbol Praia deste verán foron todo un éxito, eso nadie llo vai a negar. O concello creo invertiu uns 30.000 euros ou así nun evento duns días. Eses eventos está ben porque promovén o turismo. Pola contra, como ben sabemos os clubs de fútbol non reciben axudas dende hai cinco anos, como se soe decir, nin pa pipas.

Por exemplo, o campo de fútbol do Dorrón, fundado en 1982, aínda pertence os veciños e tamén é o único na súa categoría (16 equipos) que é de terra. O resto (1 Noalla, 2 Vilalonga, 2 Portonovo) son de herba ou herba artificial, e son algo así coma municipais. O de Dorrón segue a ser de terra e pedras, seica non hai cartos para melloralo, porque parece se debeu gastar noutro sitio no seu día (costaría uns 302.000 euros según un presuposto do 2011). Así é difícil manter os xogadores e ter categorías inferiores porque prefiren xogar nos campos de herba entre outras cousas.

Espero que a concellería de Deportes pense en todas as asociacións deportivas e non se olvide dos equipos de fútbol que si subsisten, é gracias os socios e veciños/as que axudan de maneira desinteresada. A situación é de precariedade en moitos casos, así en Dorrón na tempada 2015-2016 os ingresos foron máis baixos que os gastos, con máis de 1000 euros de perda. Quen afronta as perdas? Outra curiosidade do campo de Dorrón é que a auga é cedida polo municipio de Poio, un pouco penoso non creen? tendo pegado ó campo un dos depósitos de auga que abastecen a Sanxenxo.

### PREGUNTA

**¿Qué ten pensado facer o grupo de goberno e a concellería de deportes respecto a este tema, qué axudas plantexan de cara ós clubs de fútbol do concello, e se pensa axudarlles con algúnha aportación económica ou pagándolles a luz, auga, gasoil, etc?"".**

**O Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, contestou que estaban pensando medidas de axuda aos clubs deportivos, pero tamén era positivo promover eventos que non só fomentaban o deporte, senón tamén o turismo, como o referente ao fútbol praia, que por un importe de 30.000 máis 3.000 €, tivo unha repercusión para o concello superior a outros promovidos en anos anteriores, como as traíñeiras, á parte de que durante 15 días tivo un importante impacto na hostalaría, finalizando para expresar a dificultade que ten o concello para actuar en campos privados como o de Dorrón e que as axudas irán no sentido de apoiar ao deporte de base.-----

E sendo as cero horas do día 9 de agosto de 2.016, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**